# Busca avanzada

Proporciona **máis opcións e límites para especificar** a información a buscar.




Premendo nos operadores "E", "OU" e "Non" poderemos **afinar moito a busca**, así como seleccionando algún dos campos: "todos os termos", "algún termo", "busca exacta" ou "comeza por", e mesmo aplicar algúns filtros (idioma, país...).




Se non atopamos ningún resultado, debemos modificar algún/s campo/s de busca.

# Contacta coa Biblioteca

**Teléfono:** 886 159 860

**Enderezo electrónico:**

biblioteca.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal

**Redes sociais:**

Biblio CIFP A Xunqueira

biblioteca.cifpaxunqueira

blog-biblioteca-cifp-a-xunqueira.tumblr.com

# Guía para buscar no catálogo

## CIFP A Xunqueira



A XUNQUEIRA CIFP Pontevedra

# O OPAC MEIGA

O OPAC (*On-line Public Access Catalogue*) Meiga é o **catálogo en liña** que nos permite consultar os fondos da nosa biblioteca.




## Acceso

Para facer buscas no catálogo precisamos:

→ Un dispositivo con conexión á Rede.

→ E acceder ao OPAC Meiga, dende onde poderemos facer buscas simples ou avanzadas:

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=PER005](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=PER005)

# Busca simple

É a **opción máis sinxela** para tratar de localizar un determinado fondo.

Para realizala emprégase o seguinte formulario, no que hai que seleccionar uns campos, segundo o que nos interese para a busca, e introducir o texto que proceda no recadro en branco.




### *Se coñecemos o título:*

Selecionamos "Lista alfabética" e "Título"; indicamos o título que queremos atopar e prememos en buscar, como no exemplo:




Se o título ten **artigo inicial**, este **non se pon**.

### *Se descoñecemos o título:*

Se non sabemos o **título** exacto, pódese poñer algunha palabra que estea nel. Para iso temos que premer en "Frase ou texto".




Do mesmo xeito poderemos facer a busca por **autoría, materia, serie, CDU, editorial ou ISBN**.

Se se busca por **autor/a**, ponse o **apelido**.

### *Localización na biblioteca:*

Feita a busca, aparécenos a relación de títulos:




Prememos no título e vemos estoutra ventá, na que figura a sinatura:

